

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DAS BASES PARA OS CAMPAMENTOS DE VERÁN DA LANZADA 2015.

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as seguintes bases para os campamentos da Lanzada 2015:

BASES PARA OS CAMPAMENTOS DE VERÁN DA LANZADA 2015

A Deputación de Pontevedra organiza durante o ano 2015 campamentos de verán no Centro de Vacacións da Lanzada para os menores dos distintos concellos da provincia de Pontevedra. A cobertura das prazas dispoñibles establecerase conforme ás seguintes bases reguladoras:

1. Obxecto

A institución provincial, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social dos rapaces e favorecer a comunicación e o dinamismo multicultural entre eles, oferta para o ano 2015 os campamentos de verán no Centro de Vacacións da Lanzada; un proxecto lúdico e educativo que inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades relacionadas coa natureza, deportes, actividades ó aire libre, xogos, xogos de sala, artísticas e calquera outra que contribúa a ese obxectivo. Os campamentos distribuiranse en 11 quendas que terán lugar nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 21 ó 27 de xuño
- Segunda quenda: do 28 de xuño ó 4 de xullo
- Terceira quenda: do 5 ó 11 de xullo
- Cuarta quenda: do 12 ó 18 de xullo
- Quinta quenda: do 19 ó 25 de xullo
- Sexta quenda: do 26 de xullo ó 1 de agosto



- Sétima quenda: do 2 ó 8 de agosto
- Oitava quenda: do 9 ó 15 de agosto
- Novena quenda: do 16 ó 22 de agosto
- Décima quenda: do 23 ó 29 de agosto
- Undécima quenda: do 30 de agosto ó 5 de setembro

A realización da derradeira quenda queda condicionada á data de comezo das clases do próximo curso escolar.

2. Lugar de realización

Nas instalacións do Centro de Vacacións da Lanzada, propiedade da Deputación, situado en:

Estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove

Coordenadas GPS:

Latitude 42° 27' 29'' norte

Lonxitude 8° 53' 3'' oeste

3. Actividades

Serán as propostas pola empresa adxudicataria do procedemento aberto convocado para contratar o servizo de asistencia técnico educativa do Campamento da Lanzada 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 15/232.3370.227.20. Entre outras, estas actividades serán:

- Xogos e deportes
- Actividades na praia
- Actividades ó aire libre, de natureza e sobre o medio natural
- Actividades artísticas
- Actividades nocturnas
- Teatro e contacontos
- Baile, actividades culturais



4. Destinatarios

Rapaces que teñan o seu domicilio habitual en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra (feito que se acreditará mediante un certificado ou volante de empadramento), nados entre os anos 2002 e 2007, ambos os dous incluídos.

No caso de que o solicitante precise apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional deberá facelo constar na folla de inscrición, especificando do xeito o máis preciso posible as súas necesidades especiais. Neste caso recoméndaselles ás familias que se poñan en contacto coa Deputación para a valoración das necesidades de apoio en relación ós medios específicos dispostos para este fin e dirimir as súas suficiencias para unha adecuada estancia de todos os rapaces no campamento.

5. Impresos de solicitude

Os interesados deberán presentar un impreso cuberto que constará de dúas follas:

1. Folla de solicitude, na que se indicarán os datos da unidade familiar, é dicir, do pai, nai ou titor, co DNI, teléfono, teléfono móbil, correo electrónico, enderezo e concello ó que pertencen.

A continuación indicaranse os datos do neno ou nenos (no caso de irmáns) que queiran ir xuntos ó campamento, por orde de prioridade, da 1ª a 11ª quenda.

Se os irmáns queren ir en quendas separadas deberase cubrir unha solicitude por neno. Neste caso hai que ter en conta que os irmáns entrarían por separado no sorteo, pero non se pode asegurar que, de conseguiren praza, saian en quendas separadas.

Estas solicitudes serán asinadas polos pais ou titores ó final do documento no espazo correspondente.

2. Folla de inscrición, na que se deben cubrir os datos do neno, xunto cos seus datos médicos (alerxias, enfermidades e outras, especificando as enfermidades infectocontaxiosas que os responsables do campamento deberán ter en conta á hora de tratar os menores.

Deberase presentar unha folla por neno.

É importante non omitir ningún dato, xa que afectan á organización das quendas de campamentos en canto a adquisición de alimentos para os alérxicos, informar dos tratamentos ós monitores, etc.

6. Lugar de recollida dos impresos

Os impresos estarán a disposición dos interesados na Oficina de Información ó Cidadán da Deputación e na web www.depo.es.



7. Documentación

Xunto co impreso debidamente cuberto deberase presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor
- Fotocopia do DNI do menor ou, no caso de que non o teña, do libro de familia
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado do menor
- Certificado ou volante de empadramento
- Fotocopia do libro de vacinas do menor

8. Lugar de presentación

As solicitudes e a documentación requirida poden presentarse no Rexistro xeral do organismo provincial:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén nos rexistros da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma, así como a través dos demais xeitos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 1 de abril do 2015.

10. Relación de admitidos

A través dunha resolución do presidente da Deputación aprobarase a relación de admitidos ó sorteo, ademais dos non admitidos e as causas da súa exclusión, que se publicará na páxina web www.depo.es.

11. Prezo

O prezo será de 83,60 euros por neno.

Neste prezo non se inclúe a excursión obrigatoria para os nenos á Illa de Ons, que se aboará o día da presentación do campamento (no primeiro día da correspondente quenda) e cun importe que está previsto que non supere os 15 euros.



O prazo para efectuar o pagamento establecerase na páxina web www.depo.es.

12. Número de prazas

O número de prazas ofertadas é de 200 por quenda, 2.200 en total. No suposto de non se realizar a última quenda por motivos do calendario escolar quedaría en 2.000 prazas.

13. Adxudicacións

As prazas adxudicaranse mediante sorteo, no que se terá en conta o seguinte:

1. Reservaranse 30 prazas para os nenos do Centro Príncipe Felipe, repartidas nas once quendas de campamentos. As prazas non cubertas entrarán no sorteo.
2. Daráselles prioridade a aqueles participantes que non asistisen ó campamento na campaña de verán do ano pasado (2014).
3. Asígnanse por quenda 100 prazas para nenos e outras 100 para nenas. De non existir cota suficiente para cubrilas farase a través de múltiplos de cinco, por exemplo: 90/110, 95/105.
4. Cando un menor que non fose o ano pasado obteña praza e teña irmáns estes tamén obterán praza na mesma quenda aínda que xa fosen o ano pasado, co obxectivo de favorecer a conciliación familiar.
5. Cota por concellos: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo datos obtidos do Instituto Nacional de Estatística (INE), censo do ano 2014, e de acordo co seguinte reparto:

Parámetros de poboación		
Mayor ou igual a (núm. de habitantes)	Menor a (núm. de habitantes)	Prazas
0	3.000	10
3.000	5.000	20
5.000	10.000	25
10.000	20.000	30
20.000	35.000	65
35.000	80.000	105
80.000	200.000	200
200.000		300

	Concello	Núm. de habitantes	Prazas correspondentes
00	Centro Príncipe Felipe		30
01	Agolada	2.651	10
02	Arbo	2.904	10



	Concello	Núm. de habitantes	Prazas correspondentes
03	Baiona	12.233	30
04	Barro	3.705	20
05	Bueu	12.352	30
06	Caldas de Reis	9.895	25
07	Cambados	13.399	30
08	Campo Lameiro	1.962	10
09	Cangas	26.567	65
10	Cañiza, A	5.342	25
11	Catoira	3.402	20
12	Cerdedo	1.860	10
13	Cotobade	4.327	20
14	Covelo	2.719	10
15	Crecente	2.261	10
16	Cuntis	4.931	20
17	Dozón	1.209	10
18	Estrada, A	21.197	65
19	Forcarei	3.696	20
20	Fornelos de Montes	1.784	10
21	Gondomar	14.051	30
22	Grove, O	10.851	30
23	Guarda, A	10.314	30
24	Illa de Arousa, A	5.006	25
25	Lalín	20.158	65
26	Lama, A	2.763	10
27	Marín	25.329	65
28	Meaño	5.428	25
29	Meis	5.033	25
30	Moaña	19.365	30
31	Mondariz-Balneario	682	10
32	Mondariz	4.742	20
33	Moraña	4.362	20
34	Mos	15.324	30
35	Neves, As	4.121	20
36	Nigrán	17.715	30
37	Oia	3.042	20
38	Pazos de Borbén	3.075	20
39	Poio	16.794	30
40	Ponteareas	23.115	65
41	Ponte Caldelas	5.625	25
42	Pontecesures	3.092	20
43	Pontevedra	82.946	200
44	Porriño, O	18.508	30
45	Portas	3.025	20
46	Redondela	29.909	65
47	Ribadumia	5.103	25



	Concello	Núm. de habitantes	Prazas correspondentes
48	Rodeiro	2.752	10
49	Rosal, O	6.455	25
50	Salceda de Caselas	8.890	25
51	Salvaterra de Miño	9.626	25
52	Sanxenxo	17.543	30
53	Silleda	8.966	25
54	Soutomaior	7.356	25
55	Tomiño	13.707	30
56	Tui	16.884	30
57	Valga	6.050	25
58	Vigo	294.997	300
59	Vilaboa	5.972	25
60	Vila de Cruces	5.676	25
61	Vilagarcía de Arousa	37.712	105
62	Vilanova de Arousa	10.459	30
Poboación total:		950.919	2.200

Para garantir o cumprimento destas cotas, no suposto de que os nenos que non asistiron o ano anterior non cubrisen a cota dun concello, terán preferencia os do mesmo municipio que asistisen, aínda que existan nenos doutro que non o fixesen. Se aínda así houberse prazas vacantes sortearanse entre os nenos doutros concellos.

A data e o resultado do sorteo publicaranse na páxina web da Deputación, www.depo.es, e notificaráselles ós participantes seleccionados por mensaxe de móbil ou correo electrónico.

A praza adxudicada será intransferible.

Relación de agarda

- As vacantes que se produzan por renuncia da praza ofreceránselles ós solicitantes que figuren nas relacións de agarda, tendo en conta que a baixa dun neno se cubrirá con outro neno e a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena
- Teranse en conta os irmáns para a mesma quenda, sempre e cando haxa vacantes suficientes; do contrario, chamaríase ó seguinte da lista
- Nesta relación de agarda non se terá en conta a cota correspondente a cada concello
- As renuncias non se incluírán nesta lista
- Contactarase cos suplentes por teléfono ou mensaxe de móbil desde a Deputación



- Unha vez aceptada a praza deberase realizar o pagamento no prazo indicado na comunicación efectuada a través de mensaxe de móbil ou correo electrónico. No caso de non cumprir este requisito a praza ofertaráselle ó seguinte desta relación

Con efectos informativos, o algoritmo do programa informático polo que se rexe o sorteo das prazas dos campamentos de verán no Centro de Vacacións da Lanzada publicarase na páxina web www.depo.es.

14. Devolución do importe do prezo aboadado

Para ter dereito á devolución é necesario comunicar a renuncia á praza por escrito, mediante un modelo normalizado presentado no Rexistro xeral da Deputación, ou nalgún dos outros rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, cando menos 20 días naturais antes do inicio da quenda (excepto por motivos médicos).

Motivos de devolución:

- Enfermidade, accidente, ou outros, co correspondente xustificante médico
- Admisión noutra actividade nas mesmas datas, achegando o xustificante de pagamento
- Motivos familiares (enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros) xustificando o motivo

15. Incorporación ós campamentos

A incorporación ó campamento será por conta do interesado o día de inicio da quenda correspondente, entre as 10:00 e as 11:00 horas.

O día da incorporación deberase presentar a tarxeta sanitaria orixinal, que quedará en poder do persoal da empresa adxudicataria ata a súa devolución ó remate da quenda (non se admitirán fotocopias).

No suposto de que o participante teña que abandonar a actividade será responsabilidade dos pais ou titores legais trasladalo de regreso ó seu domicilio, así como os gastos ocasionados.

16. Saída do campamento

A saída do campamento será por conta do interesado o día no que finalice a quenda correspondente ás 10:00 horas.

Solicítase a máxima puntualidade para recoller os rapaces xa que as instalacións pecharán na hora sinalada.



17. Normas do campamento

- Os nenos dormen en tendas de campaña de cinco prazas como mínimo cada unha
- En canto ós cartos para o acampado, aconséllase que leven arredor de 5 euros (para un xeado, un refresco ou chamaren por teléfono)
- Para comunicarse cos menores a empresa adxudicataria porá a disposición dos pais ou titores un número de teléfono, indicando o día e a hora en que poderán contactar con eles
- Poden levar teléfonos móbiles pero gardaranos os monitores e daránlles os días e ás horas sinaladas para chamaren á casa
- Tamén poden levar cámaras fotográficas, pero nin a Deputación nin a empresa adxudicataria se farán responsables no caso de que se extravíen
- A empresa adxudicataria tomará imaxes e gravacións das presentacións e peches de cada quenda de campamentos, así como das actividades que realicen os nenos. Despois publicaranse na páxina web www.depo.es
- Ante a detección dun posible contaxio (piollos, gastroenterite ou similar) os responsables sanitarios poderán adoptar os tratamentos básicos necesarios para evitar a súa propagación

18. Obrigas dos adxudicatarios

- Incorporarse ó campamento e regresar polos medios e nos prazos establecidos
- Entregarlle a tarxeta sanitaria orixinal ó persoal da empresa adxudicataria
- Non abandonar a actividade sen o permiso do seu responsable. En todo caso, o abandono antes da súa finalización requirirá a presenza dos pais ou titores e será responsabilidade destes o traslado ó seu domicilio, así como os gastos ocasionados
- Efectuar as chamadas para contactar cos menores soamente nos días e horas sinaladas para ese efecto
- Respectar as normas establecidas polos equipos de animación

19. Equipamento mínimo recomendable

- Catro camisetas deportivas
- Dous pantalóns de deporte
- Dous pares de zapatillas deportivas



- Unhas fanequeiras
- Catro pares de calcetíns de deporte
- Un chándal
- Unha prenda de abrigo
- Unha viseira
- Un chubasqueiro
- Dous pixamas
- Catro mudas interiores
- Dous traxes de baño
- Unha toalla de praia
- Útiles de aseo persoal (toalla, xabón, pasta e cepillo de dentes, peite...)
- Unha bolsa de merenda térmica (para as excursións)
- Unha bolsa para a roupa sucia, de tea, que levará o número que se lle dea a cada rapaz coa concesión da praza; o mesmo número co que marcará o resto da roupa
- Un saco de durmir
- Unha lanterna
- Unha cantimplora
- Crema solar

20. Resolución de controversias

Todas as cuestións que se poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo coordinador xeral do Centro Príncipe Felipe.

Pontevedra, 20 de febreiro de 2015.—O presidente, Rafael Louzán Abal.—O secretario, Carlos Cuadrado Romay.

